


CASTRO DE A CIDÁ

Castro: Castro de A Cidá
Localidade: Ribeira (A Coruña)
Data escavación: 1915 e 2014

Localización:

Atópase en Ribeira (A Coruña), xusto no cume do monte de A Cidá, a carón do vértice xeodésico e estruturado ao redor dun pequeno peche natural de forma oval.



28

Algunha característica especial:

Entre os anos cincuenta e oitenta do século XX, a tala masiva de árbores e a extracción de pedra para construción fixo que se derrubaran moitos dos restos deste xacemento.

Descrición do castro:

Trátase dun poboado castrexo habitado entre o século VI e VIII a.C.

Está moi ben protexido de ataques externos xa que nas súas caras norte e oeste hai uns terrapléns que fan moi difícil a ascensión e nas caras este e sur as rocas naturais actúan de muralla.

Ten edificacións rectangulares, circulares e cadradas.



29